

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019347	CPI Camiño de Santiago	O Pino	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 1º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto 155/2022, do 15 de setembro no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos)._____

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grossa.

- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

* CONTEXTUALIZACIÓN. _____

- Centro: CPI Camiño de Santiago
- Curso: 1º
- Grupos: un único grupo
- Nº alumnos/as: 20(15 nenas e 5 nenos)
- Contorna: O CPI Camiño de Santiago está situado no municipio de O Pino, no lugar de Pedrouzo, parroquia de Arca. Atopámonos con familias dun nivel socio-económico en xeral medio que traen os seus/súas fillos/as ao Centro. A súa lingua materna é maioritariamente o galego.
- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior e campo de fútbol anexo ao centro.
- Xornada escolar: continua (09:30 a 14:30)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Educación Física. Que é?	Nesta unidade didáctica daremos a coñecer a nova materia ós rapaces e rapazas que comezan primaria. Coñeceremos o espazo, traballaremos as normas, faremos unha avaliación inicial para saber o punto de partida e faremos diversos xogos de presentación.	10	6	X		
2	O maestro Yoga	A través desta unidade didáctica daremos a coñecer recursos de relaxación e respiración a través da temática do Yoga. Aprenderán diversas asanas e secuencias como o saúdo o sol. A temática desta unidade permitirá tamén o seu uso posterior no resto das unidades didácticas nalgunhas sesións na parte de volta a calma.	10	6	X		
3	Coñecemos o noso corpo	Dentro das capacidades perceptivo-motoras atopamos o concepto de corporalidade (Castañer e Camerino). O esquema corporal é un concepto dinámico e maleable que se adquire por aprendizaxe e no que as experiencias xogan un papel fundamental. Unha mala estruturación do esquema corporal e na lateralidade pode ocasionar problemas no ámbito motor (torpeza, descoordinación...), no perceptivo (mala percepción espazo-temporal que pode chegar a repercutir mesmo na lectoescritura) e no afectivo.	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Aquí e agora (tempo e espazo)	<p>Toda acción sucede nun espazo e tempo determinado polo que o traballo da espacialidade e temporalidade é indivisible.</p> <p>A percepción supón a recepción da información que nos chega a través dos sentidos, por iso, se pretende que o alumnado interiorice e automaticice nocións básicas como: arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita... para orientarse no espazo próximo.</p>	10	7	X		
5	Funambulistas (o equilibrio)	<p>O equilibrio está presente en practicamente calquera tarefa dentro da Educación Física. Un bo desenvolvemento desta capacidade física traerá consigo unha maior eficiencia nas execucións (consecución dun obxectivo co mínimo gasto enerxético).</p> <p>Nesta unidade didáctica traballaremos o equilibrio estático, dinámico e con obxectos, realizando tarefas de equilibrios sobre diversos puntos de apoio, mantemento en equilibrio de diferente material coas partes corporais, desprazamentos por superficies de apoio inestables ou reducidas...</p>	10	9		X	
6	Caladiños!	<p>A creatividade e recursos expresivos do alumnado son os aspectos máis destacables a ter en conta no desenvolvemento desta unidade didáctica. Partindo da creatividade e motivación dos nenos e nenas desenvolverase a expresión corporal a través do mimo, da representación e do movemento corporal . Entre os recursos que empregaremos contaremos co mimo ou as danzas do mundo.</p>	10	6		X	
7	As miñas habilidades (HMB)	<p>Unha vez traballadas as capacidades de conciencia corporal, control postural (o equilibrio) e nocións espazo-temporais en unidades didácticas anteriores convén traballar as habilidades motrices básicas. Nesta unidade didáctica centrarémonos en diferentes tipos e formas de desprazarse: en grupos, imitando animais, trepando, en parellas, con diferentes tipos de obxectos, transportes, reptacións, empregando diferentes tipos de apoio, etc.</p>	10	9		X	
8	Xogamos?	<p>O traballo das HMB e o xogo é algo que non se pode tratar de xeito illado e independente dentro do contexto educativo da Educación Física. Ambos forman parte dun proceso global de ensino-aprendizaxe. Con esta UD pretendemos seguir traballando as HMB a través de xogos con diferentes obxectos</p>	10	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Xogamos cos nosos avós e avóas	Con esta unidade didáctica pretendemos que os alumnos/as coñezan e practiquen xogos populares, autóctonos e tradicionais como vínculo e parte do patrimonio cultural de Galicia, de forma que as coñezan e contribúan ao seu mantemento.	10	6			X
10	Sáímos a fora!	As actividades físicas no medio natural e urbano posúen un gran potencial educativo, e isto é debido tanto á variedade de habilidades desenvoltas nas actividades propostas como ao medio onde se realizan. A importancia da educación ambiental, a conservación, coñecemento e goce da natureza e práctica de actividades educativas, de ocio ou física no medio natural son, sen dúbida, piares importantes con referencia á formación dunha nova conciencia cidadá con respecto ao medio. "Pouco se pode respectar se non se coñece e non se goza".	10	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Educación Física. Que é?	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Utilizar os desprazamentos activos como practica saludable	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Empregar a propia motricidade a través do xogo tendo en conta a hixiene corporal.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Desfrutar a practica motriz controlando as emocións		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar e cumprir as normas dos xogos.		
CA2.2 - Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar activamente nos xogos de activiación e volta á calma		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas actividades buscando a cooperación cos compañeiros/as.		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Coidar o material e as instalacións do centro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e descanso tras a actividade física. - Saúde social: - A actividade física como práctica social saudable. - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Respecto das regras de xogo. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
2	O maestro Yoga	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Cumprir as normas e regras dos diversos xogos e actividades.	TI	100
CA2.2 - Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar nos xogos de activación e volta á calma.		
CA3.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Levar acabo as asanas tendo cumprindo as pautas de hixiene corporal e educación postural.		
CA3.4 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade a través do yoga.		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da practica motriz e respectar as diferentes características individuais.		
CA5.2 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente dos xogos e asanas de Yoga		
CA6.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respetar aos compañeiros e compañeiras na realización das diferentes actividades.		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Coidar e ordear o material empregando durante as sesións de educación física		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación. - Educación postural en situacións cotiás. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e descanso tras a actividade física. - Saúde social: - A actividade física como práctica social saudable.

Contidos

- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.
- Autocoñecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Esquema corporal:
- Conciencia corporal.
- Lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Coordinación óculo-pédica e óculo-manual.
- Equilibrio estático e dinámico.
- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en situacións motrices cotiás.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo próximo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
3	Coñecemos o noso corpo	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos como práctica saudable	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as posibilidades do noso corpo en relación ao movemento		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas das sesións de Educación Física		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Progresar no dominio corporal de forma lúdica		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Integrar e incluír aos compañeiros e compañeiras nos xogos que así o requiran e en todo momento ao longo das sesións		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Coidar o material empregado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Educación postural en situacións cotiás. - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. - Autoconecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Esquema corporal: - Conciencia corporal. - Lateralidade e a súa proxección no espazo. - Coordinación óculo-pédica e óculo-manual. - Equilibrio estático e dinámico. - Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en situacións motrices cotiás. - Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo. - Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices. - Respecto das regras de xogo. - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. - Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
4	Aquí e agora (tempo e espazo)	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Empregar o desprazamentos activos como práctica saudable.	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as posibilidades da motricidade do corpo e levar a cabo as actividades con hixiene corporal		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas das sesións de Educación Física		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar activamente nas sesións e incluír a todo o alumnado		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Progresar e mellorar no dominio corporal de forma lúdica		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Coidar o material empregado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Autocoñecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo próximo. - Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo. - Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
5	Funambulistas (o equilibrio)	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de desenvolver os proxectos motores.	TI	100
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas das sesións de Educación Física		
CA2.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as posibilidades do corpo mantendo unha boa hixiene postural		
CA2.4 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en función das circunstancias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Progresar no dominio corporal de xeito lúdico		
CA2.7 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Xestionar as emocións xurdidas ao longo do xogo		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Coidar o material empregado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Autocoñecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais. - Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices. - Respecto das regras de xogo. - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. - Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
6	Caladiños!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Respeitar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respeitar as normas das sesións de Educación Física	TI	100
CA2.5 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Progresar no dominio corporal de xeito lúdico.		
CA2.6 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente nos xogos de carácter artístico expresivo.		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas sesións de Educación Física integrando a todos os compañeiros e compañeiras no grupo-clase.		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade a través da expresión corporal.		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Coidar o material empregado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Saúde social: - A actividade física como práctica social saudable. - Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar. - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Autoconecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.

Contidos

- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, queceamento e volta á calma.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
7	As miñas habilidades (HMB)	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as posibilidades da nosa motricidade mantendo unha boa hixiene postural.	TI	100
CA3.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable.		
CA4.3 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas das sesións de Educación Física		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar activamente integrando a todos os compañeiros e compañeiras no grupo-clase.		
CA5.1 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Progresar no control e no dominio corporal		
CA6.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións de maneira axeitada en función as circunstancias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo próximo. - Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo. - Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais. - Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices. - Respecto das regras de xogo. - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. - Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. - Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable. - Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
8	Xogamos?	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como unha práctica saudable.	TI	100
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar activamente integrando aos compañeiros e compañeiras no grupo-clase		
CA2.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respectar as diferentes características individuais aproveitando os valores positivos que fomenta a práctica motriz.		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentado xestionalas e gozando da actividade física.	Xestionar as emocións xurdidas ao longo dos xogos.		
CA4.3 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas das sesións de Educación Física		
CA6.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións axeitadas en función as circunstancias.		
CA6.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Progresar no control e dominio corporal de xeito lúdico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Autoconecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais. - Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices. - Respecto das regras de xogo. - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. - Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
9	Xogamos cos nosos avós e avóas	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da practica deportiva e respectar as diferencias das características individuais	TI	100
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentado xestionalas e gozando da actividade física.	Xestionar de maneira axeitada as emocións xurdidas ao longo dos xogos.		
CA2.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as posibilidades da propia motricidade tendo en conta unha boa hixiene postural		
CA4.3 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas das sesións de Educación Física.		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Valorar a importancia dos logros deportivos en ambos xéneros.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar activamente e de forma segura nos xogos na contorna natural e urbana.		
CA5.2 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente nos xogos de carácter cultural propios da contorna.		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Coidar o material empregado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Autoconecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura. - Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. - Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
10	Sáímos a fora!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Empregar os desprazamentos activos como práctica saludable.	TI	100
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar activamente de forma segura nas actividades na contorna natural e urbana.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Progresar no control e dominio corporal		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas das sesións de Educación Física.		
CA6.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Respetar as diferentes características individuais aproveitando os valores positivos que fomenta a práctica motriz.		
CA6.4 - Gozar de forma segura da contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achega a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación cara a eles durante o desenvolvemento de distintas prácticas lúdico-recreativas en distinto contextos.	Gozar de forma segura das actividades na contorna natural e urbana		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Autoconecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.

Contidos

- Esquema corporal:
- Conciencia corporal.
- Lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Coordinación óculo-pédica e óculo-manual.
- Equilibrio estático e dinámico.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada nesta programación será:

- * FLEXIBLE: adaptándose continuamente aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- * ACTIVA: fomentando alumnado autónomo e responsable das súas aprendizaxes.
- * PARTICIPATIVA: potenciando a cooperación-colaboración entre iguais.
- * INTEGRADORA: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- * INDUCTIVA: tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.
- * LÚDICA: o xogo, elemento fundamental.
- * CREATIVA: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe.

As metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo nun importante recurso metodolóxico, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa. Destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo xa que contribúen a saber gañar e saber perder.

O xogo ten o valor extra de dar ás sesións un carácter divertido e de contribuír a fomentar aprendizaxes significativas. Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos axeitadamente o tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os métodos e estilos de ensinanza a utilizar serán variados e dependerán da actividade para desenvolver; así utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor. Da mesma maneira avogaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) buscando unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento dos traballos e posta en escena deles)

Propoñer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas (descubrimiento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices, reforzando a reflexión e a responsabilidade, minimizando os posibles riscos e extremando as medidas de precaución. A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade.

O descubrimento guiado e a resolución de problemas son estilos que se basean en propostas motrices que crean unha dúbida nos coñecementos previos do alumnado, para que investigue e chegue a unha ou varias solucións, que polo feito de ser descubertas pola propia persoa afianzan a aprendizaxe na súa estrutura cognitiva, así como aumentan de xeito considerable a súa autonomía e autoestima.

Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividades motriz mesma favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

No transcurso de cada UD utilizaranse diferentes agrupamentos de alumnos (gran grupo, pequeno grupo, parellas, traballo individual). A labor do docente será a de aplicar a información inicial e ir polos diferentes grupos achegando o feedback necesario, unhas veces de forma individual e outras de maneira masiva. A aplicación das TICs (tecnoloxías da información e a comunicación) vai favorecer o coñecemento dos resultados, debemos utilízalas como ferramenta ou instrumento na busca de información e tamén como reflexión e difusión.

Tamén se proporán situacións de ensino recíproca, xa que o feito de que un alumno/a teña que corrixir ao seu compañeiro non só axuda ao que está a executar a acción, senón que tamén, o que fai as veces de ensinante, adquire unha idea máis clara da actividade que tamén el debe realizar, ao verse obrigado a analizar a execución do seu compañeiro e a detectar os erros que comete.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Tamén favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía, a reflexión e á súa aplicación na vida cotiá, fóra da contorna do centro.

Na área de Educación Física teremos un tempo adicado á lectura semanalmente, tratando os contidos propios de cada unidade didáctica, as normas dos xogos, historia dalgún deporte, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
CLASIFICACIÓN MATERIAL E RECURSOS:
A) Convencional pequeno tamaño: aros, cordas, picas, conos, pelotas, ...
B) Convencional gran tamaño: porterías, canastras, bancos, colchonetas, pelotas xigantes,...
C) Non convencional: globos, toallas, sacos, teas, panos,...
D) Non convencional refutable: xornais, botellas, bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur,...
E) Informático e audiovisual: proxector, pizarra dixital, ordenador, altosfalantes, equipo de música,...
F) Instalacións: patio exterior, ximnasio, patio cuberto, pavillón, pista polideportiva,...

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os instrumentos e medios que subministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensino - aprendizaxe. Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os

canalizadores na selección e almacenamento da información.

2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.

3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira, onde o neno non conciba en si mesmo o obxectivo principal que persegue, que é a aprendizaxe, senón que considere toda actividade educativa como unha ampliación máis da súa vida diaria.

Con base no sinalado, Bautista (2010) establece unha serie de características que deben ter os materiais en relación á función complementaria que realiza na actividade educativa, como:

- Carácter motivador: xa que, segundo a forma, textura, cor e características particulares do material, espertase o interese e curiosidade para a súa utilización.
- Carácter polivalente: os materiais poden ser utilizados como elementos en varias actividades escolares e como elementos de diferentes xogos.
- Carácter colectividade: a súa utilización pode ser individual ou colectiva.
- Carácter de accesibilidade: estar organizado e dispoñible para a libre elección dos alumnos.

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

Hai que ter en conta que o material co que se traballe debe estar acorde ás actividades para realizar (aínda que sexa o máis sinxelo e podemos atopar no noso carón). O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: o medio, a idade, as capacidades, a contorna, entre outras. Todo isto permitirá desenvolver habilidades e destrezas no seu aspecto físico e cognitivo, o importante é a adecuada utilización dos materiais que se elixa para as actividades.

Á hora de falar sobre os recursos e materiais de educación física é necesario establecer as diferenzas que existen entre un e outro. Para moitos autores sinónimos, pero para outros hai unha diferenza entre os materiais e os recursos.

Trujillo (2010), menciona que por materiais defínense aqueles materiais curriculares que foron elaborados cunha finalidade explícita, mentres que os recursos didácticos toman o seu verdadeiro valor pedagóxico no momento no que os docentes deciden, desde a metodoloxía, integralos no currículo.

Os recursos e materiais utilizados nas sesións de educación física cumpren distintas finalidades, sendo as máis relevantes as seguintes:

- Son un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Motivan ao alumnado á hora de realizar as tarefas.
- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado.
- Son un elemento auxiliar eficaz.
- Posibilita a autoinstrución.
- Son unha guía para as aprendizaxes.
- Permiten avaliar ao alumnado.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordes ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados

cando así se considere.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débennos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platean sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
- Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.

- Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
- Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.
- Habilidades xenéricas: condución e botes cun balón nun recorrido establecido.
- Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuito), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco).
- Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Estas tarefas e actividades poden ser rexistradas en vídeo para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos. A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.ª Aadoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- 2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

A media do trimestre será a media aritmética das Unidades Didácticas levadas a cabo nese trimestre.

1º TRIMESTRE (5 UD - 35%):

- UD. 1: 10 % = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 10 % = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 10 % = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 10 % = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 4)= 10

2º TRIMESTRE (5 UD - 30%):

- UD. 5: 10 % = equivalente a un 3,3 da nota 2º trimestre.
 - UD. 6: 10 % = equivalente a un 3,3 da nota 2º trimestre.
 - UD. 7: 10 % = equivalente a un 3,3 da nota 2º trimestre.
- Nota do 2º trimestre (suma das UD da 5 á 7)= 10

3º TRIMESTRE (5 UD - 35%):

- UD. 8: 10 % = equivalente a un 3,3 da nota 3º trimestre.
 - UD. 9: 10 % = equivalente a un 3,3 da nota 3º trimestre.
 - UD. 10: 10 % = equivalente a un 3,3 da nota 3º trimestre.
- Nota do 3º trimestre (suma das UD da 8 á 10)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres a nota final será a media dos tres trimestres

Curso 2023/2024:

- 1º TRIMESTRE (4 UD): 35 % equivalente a un 3,5 da nota final
- 2º TRIMESTRE (3 UD): 30 % equivalente a un 3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (3 UD): 35 % equivalente a un 3,5 da nota final
- ORDINARIA (suma das 10 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma,

cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programación ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria existe algún caso diagnosticado de TDAH, pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 1º NIVEL DO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

No grupo ao que está dirixida esta programación non atopamos ningún alumno/a que necesite medidas de atención á diversidade, pero estaremos atentos por si aparece algún/algunha para poder tomar as medidas oportunas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X						
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X						
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial								
ET.6 - Educación Ambiental	X							
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X
ET.5 - Educación Vial		X
ET.6 - Educación Ambiental		X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Carreira a favor de la investigación da Leucemia	Levarase a cabo unha carreira a favor da investigación da Leucemia	X		
Obradoiro Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...			X
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizaráse unha saída ao entorno natural próximo ao centro para participar nunha pequena ruta de sendeirismo			X
Día da paz	Xornada de xogos cooperativos		X	

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariedade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á

mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados